



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNIÓN

DIRECCIÓN-COMITÉ 16/12/10

PRIMEIRA PARTE

Debido que os medios de comunicación veñen recollendo estes días, dando por sentado a aplicación dun ERE temporal na Planta, coa conseguinte alarma social, mereceu a correspondente crítica ante a Dirección e que ó longo da reunión o propio Director tivo que recoñecer de inoportuna a información dada.

Nesta reunión a Dirección fainos entrega da Memoria explicativa e das razóns que, ó seu entender, xustifican a solicitude desta ERE, que resumimos nos seguintes puntos:

Previsións

- .- Producción ano 2011, 370.000 vehículos, dos cales 250.000 corresponden ó Sistema I e 120.000 ó Sistema II.
- .- Sistema I carga de traballo por riba da xornada individual (218 días), mantendo a cadencia horaria e prevendo traballar sábados extras e domingos noite.
- .- Sistema II, carga de traballo para 167 días, faltando 51 días para completar a xornada anual.
- .- Manter a desviación da produción a Mangualde

Solicitan

.- 60 días de paro a contemplar dende o 1 de Marzo de 2011, ó 31 de Decembro do 2012 para toda a Planta. Se ben afectaría o persoal relacionado co Sistema II, é dicir a unhas 2.800 persoas, entre Taller e Mensuais.

Con independencia do exposto pola Dirección sobre o ERE, no mes de Xaneiro están previstas novas reunións.

Razoamentos da C.I.G.


Estamos ante un escenario produtivo superior Ó do ano 2010, daquela prevíronse facer 345.000, unidades, para o 2011 25.000 unidades máis. A isto debemos engadir a desviación de produción no caso do B.9 para a planta de Mangualde, por saturación do Sistema I.

En consecuencia, estamos ante a necesidade de afrontar un equilibrado de produción, feito que non se pode interpretar como novidade, xa que, todos lembramos como no ano 2007 o Sistema II foi con 6 días de bolsa solapadas ás vacacións do Nadal, para precisamente adaptar o útil industrial na M.2, e así permitírnos poder fabricar as furgonetas que a maiores nos demandaba o mercado.

Así, con estas graves contradicións, dous tercios da plantilla afrontará con superavit na Bolsa de Horas, un calendario con sábados extras e domingos noite, namentres, os traballadores que se atopan na liña do lado, enfrontaríanse a unha solicitude de 51 días de Paro. É dicir, nunha mesma Planta dúas fábricas distintas (Sistema I e Sistema II).

Alternativa

Somos todos traballadores/as dunha mesma Fábrica, en consecuencia, a carga debe ser equilibrada, para que esta travesía a fagamos solidariamente todos, por iso convidamos as 140 persoas que están na ponte de mando deste barco, que se esforcen en buscar solucións, como cada día nos esforzamos os traballadores/as nas liñas de produción.



SEGUNDA PARTE

Formación

Fáísenos entrega do Plan de Formación 2011. Con independencia da súa análise para dar a nosa posición, dende a C.I.G. preguntamos si no exercicio 2010, facilitóuselles formación a tódolos traballadores profesionais que foron desprazados, tal como se comprometeu a Dirección no seu día con este colectivo, co fin garantir a súa reincorporación ás funcións profesionais. A Dirección resposta que se fará un seguimento específico deste persoal.

Vacacións:

Peche.- O sistema I remata o mércores 22 na quenda de noite cunha xornada que garante como mínimo as 4 horas. Sistema II pecha a quenda de tarde do martes 21.

Arranque.- Iníciase o día 3 ás 6 da mañá coa Quenda A.

Calendario.- A C.I.G. pide que se expoña ó Comité de Empresa o Calendario 2011. A este respecto contestan que vai ligado ó resultado da negociación do ERE. Ofrecen o do mes de Xaneiro, coas seguintes previsións:

Sistema I.- contemplan os sábados voluntarios dos días 8-15-22-29.

Quenda de Noite.- cunha apertura de 7 hras, ademais dos domingos 9-16 e 23. Para esta quenda non serán laborábeis as noites dos días 5 e 6.

Sistema II.- de luns a venres, salvo o día 28, que o asignan como non laborable a cargo dos días de adecuación de xornada.

CKDs.- este taller neste mes non traballaría os días 21 e 28 (adecuación de xornada). No mes de febreiro debido a baixada de previsión pasaría a quenda fixa de mañá, conlevando unha redución duns 20 traballadores/as.

Prezos de Bocado e Comedor.- entra dende 1 de Xaneiro os novos prezos que sofren un incremento do 2'3%.

COMENTARIO

Compañeiros/as, apesares da presión mediática, os traballadores/as debemos reflexionar como colectivo dunha mesma fábrica, tanto fronte esta ERE inustificable, como inustificables son, o retraso da Xubilación Parcial, as Novacións dos Contratos, e formalización dos 250 indefinidos.

Confederación Intersindical Galega